

SAN FROILÁN LUGO



DO 4 AO 12
DE OUTUBRO
2016

PROGRAMA OFICIAL

FESTA DE INTERESE TURÍSTICO GALEGO // FIESTA DE INTERÉS TURÍSTICO NACIONAL

ALCALDESA DE LUGO

LARA MÉNDEZ LÓPEZ



SAN
FROILÁN
2016

Un ano máis celebramos o San Froilán, a grande festa patronal de Lugo, que por moitas razóns pode tamén aspirar a ser considerada como festa maior de Galicia polo ben que soubo manter un sabor tradicional sen por iso renunciar á modernidade.

En efecto, durante estes primeiros días do outono Galicia enteira olla cara a nós, e un gran número de galegos e galegas acoden á vella capital romana atendendo á chamada da hospitalidade luguesa, da nosa grande muralla coas súas dez portas abertas a toda Galicia e a todo o mundo.

Pero non son só os galegos e as galegas: a chamada do San Froilán de Lugo chega moi lonxe, e cada vez máis nestes tempos nos que a Internet e as redes sociais operaron unha gran revolución na comunicación e na información. Os ecos das nosas cousas chegan hoxe a todas as partes do mundo, e todo o mundo sabe que Lugo está tres veces incluído nas listas do Patrimonio Mundial

da UNESCO, unha pola nosa muralla romana única, outra polo Camiño Primitivo a Compostela que ten na nosa cidade unha etapa senlleira, e outra pola nosa catedral, un dos máis belos monumentos deste camiño.

Sería quizais un pouco esaxerado dicir que as festas do San Froilán de Lugo son tan famosas no mundo coma a nosa muralla, e de momento tampouco non expresamos a pretensión de que sexan declaradas Patrimonio Mundial por ningún organismo internacional. Pero o caso é que cada vez máis xente de fóra de Galicia, e especialmente da Península Ibérica –España e Portugal–, ten inscritas nas súas axendas persoais esta gran festa do outono, coa que o Concello de Lugo está e seguirá estando fondamente comprometido.

A toda a xente de Lugo, de Galicia e do mundo que nos vén ver estes días, ou que dende lonxe pensa en nós, o noso máis cordial e agradecido saúdo.

CONCELLEIRA DE CULTURA

CARMEN BASADRE VÁZQUEZ



SAN
FROILÁN
2016

As nosas seculares festas patronais continúan o seu camiño, sempre ben arraigadas na tradición, sempre atentas ás novidades que todos os anos se producen, e este ano con certa intensidade, pois entre outras cousas o Concello fixo algúns cambios importantes

no feiral. Por poñermos só un caso, GASTROARTE, despois dos seus dous primeiros anos de vida na avenida de Ramón Ferreiro, pasa a estar agora dentro do propio feiral, feito que seguramente contribuirá a consolidar e aumentar o éxito deste evento tan ben acollido.

Por outra banda, é novidade o Día do Camiño Primitivo, que se institúe con vontade de permanencia aproveitando que esta grande ruta de peregrinación acaba de ser incluída pola UNESCO na lista do Patrimonio Mundial, con especial relevancia de Lugo como cidade monumental, na que a Catedral de Santa María é un dos grandes fitos arquitectónicos. Así, o martes 11 haberá, entre outras moitas cousas, actos coma a recepción das alcaidesas e alcaides do Camiño na Casa do Concello.

Este ano é tamén o ano de Manuel María, o noso gran poeta, que pasou toda a súa adolescencia e primeira xuventude en Lugo, que sempre mantivo despois unha estreitísima vinculación literaria e persoal coa nosa cidade, onde lle foi dedicada excepcionalmente unha rúa en vida, e que mesmo pronunciou o pregón de apertura das festas do San Froilán do ano 1996. Manuel María naceu en Outeiro de Rei o 6 de outubro do 1929; por iso o día 6 de outubro do 2016, ano no que se lle dedicou o Día das Letras Galega,

é tamén o Día de Manuel María no San Froilán, no que gozaremos dun concerto de A Quenlla que nos deleitará coas moitas e populares cancións en que os músicos deste grupo converteron os seus poemas.

Hai outras cousas novas, pero non caben nestas palabras de saúdo, nas que só queremos salientar algúns dos notables concertos que, sempre buscando compracer todos os gustos, aledarán a cidade durante estes días de outono: ademais de A Quenlla, Fúel Fandango, Loquillo, Abraham Mateo, María do Ceo, Bebe, Carlos Núñez, Ana Moura, Brath, etc. E non esquezamos tampouco a novidade que representa o gran concerto conxunto de catro das máis famosas bandas de música de Galicia (Antas de Ulla, Lalín, Pontearreas e Ribadeo) na praza de Santa María. Nin o tradicional San Froilán Miúdo centrado no Patio do Seminario.

Mais a páxina acábase, e só me queda desexarvos de todo corazón unhas felices festas.

2016

Homenaxe a

MANUEL MARÍA



Concello de Lugo



Xoves día 06 ás 21.00 h.

Concerto de A Quenlla na praza de Santa María.

O 6 de outubro de 1929 naceu en Outeiro de Rei Manuel María Fernández Teixeira, que co seu nome de pía espido de apelidos chegaría a ser un dos máis grandes poetas galegos de todos os tempos e un dos escritores máis fecundos da literatura galega.

Manuel María viviu na nosa cidade toda a súa adolescencia e primeira xuventude, e durante toda a súa vida seguiu vindo con frecuencia e mantendo vencellos moi estreitos coas cousas e as xentes de Lugo, onde tiña moitos dos seus mellores amigos.

Na súa obra literaria Lugo ten unha presenza esencial, e en particular escribiu gran número de textos sobre as festas do San Froilán, para as que no ano 1996 pronunciou un fermoso pregón inaugural.

Moitos dos case dous mil poemas que Manuel María escribiu ó longo da súa vida foron convertidas en letras de cancións por gran número de artistas e grupos musicais, de maneira que se pode afirmar que el é, con moita diferenza, o poeta galego máis cantado de todos os tempos.

A QUENLLA é sen dúbida o grupo que máis cancións de Manuel María ten no seu repertorio. Por iso o Concello de Lugo, para coroar as actividades que este ano organizou en homenaxe ao noso poeta con motivo do Día das Letras Galegas a el dedicado, chamou A QUENLLA para celebrar cun concerto monográfico o aniversario do seu nacemento dentro das festas do San Froilán que el tanto amou e celebrou.

**NOCHE ABIERTA /
NOITE ABERTA /
OPEN NIGHT**

30 DE SETEMBRO DE 2016



Desde as 17.00 ás 23.00h. os establecementos que participan no evento vestiranse de gala para recibírnos con grandes descontos e sorpresas. Tamén haberá animación polas rúas comerciais máis emblemáticas da cidade.



NA PRAZA MAIOR:

a partir das 17.00 h.

**ANIMACIÓN DA PRAZA
CON MÚSICA E ARTISTAS
DE RÚA**

de 18.00 a 20.00 h.

GRAN DESFILE DE MODA

ás 23.00 h.

**ESPECTACULAR
FIN DE FESTA**

co peche dos comercios

04 MARTES

SAN FROILÁN 2016

17.00 h.

Inicio do **XI SANFROIDANCE**
na praza da Soidade.
Goma2Crew (Lugo) & **Eleka Familia** (Pontevedra) 17.00 h. //
DJ Koo (Asturias) 18.15 h. //
DJ Caution 19.40 h. //
DJ Ozetak (Madrid) 21.05 h. //
Show-Case: Kiki Sound Aka Kamikaze (CPV-Marruecos)
feat **Sho Hai** (Violadores del Verso-Zaragoza) & **Original Juan** (República Dominicana)
22.30 h. //
DJ Tedu (Ferrol) 00.15 h. //
www.sanfroidance.com

19.00 h.

Pasarrúas de **Raíces do Campo** por Augas Férreas.

20.30 h.

Pregón a cargo do xornalista **Paco Nieto**,
na casa do Concello.

20.30 h.

Pasarrúas de **Reviravolta**
pola Milagrosa.

20.30 h.

Pasarrúas da **charanga**
Paradela pola praza Maior, zona
dos viños e casco histórico.

20.45 h.

Os Pelúdez entre
nós, no pregón.

21.15 h.

Espectáculo pirotécnico a
cargo da pirotécnica Pibierzo
na casa do Concello.

21.30 h.

Concerto de **Roi Casal**
"Son galego, Son cubano"
na praza Horta do Seminario.

21.30 h.

Sesión disco coa **Duendeneta**
na praza do Campo Castelo.

22.30 h.

Concerto de **The Ladies** na
praza de Santa María.

23.00 h.

Verbena coa orquestra **Breixa Band**
na praza de Bretaña.

00.00 h.

Actuación de **DJ Vallejo**
& **DJ Fernando Mesa**
e **DJ Frisco & Marcos Peón** na
praza de Santa María.

KIKI SOUND
FEAT SHO HAI &
ORIGINAL JUAN



SANFROIDANCE

22.30 H. // PR. DA SOIDADE



THE
LADIES

22.30 H. // PR. DE SANTA MARIA

05 MÉRCORES

SAN FROILÁN 2016
DÍA DE SAN FROILÁN

11.00 h.

Feira de antigüidades e coleccionismo na rúa da Raíña. Ata as 21.00 h.

12.00 h.

Ofrenda da Corporación a San Froilán, na Catedral de Lugo acompañados pola asociación cultural **Airiños de Orbazai** e a **Banda Municipal de Lugo**.

12.45 h.

Concerto de **Lucus Ensemble** e a **Banda Filharmónica de Lugo** na praza de Santa María.

13.00 h.

Pasarrúas dos **Trastiños de Castelo** por Recatelo.

13.00 h.

Sesión vermú de **Rockatansky Brothers** e **Lastway** na praza do Campo Castelo.

13.00 h.

Os Pelúdez entre nós pola praza Maior e o recinto feiral.

13.00 h.

Pasarrúas de **Devandoira** de polo recinto histórico.

19.00 h.

Pasarrúas de **Son de Lugh** por Albeiros.

19.30 h.

Actuación de **Devandoira Infantil**, con cabezudos, na praza Maior.

20.30 h.

Concerto de **Fuel Fandango** na praza Horta do Seminario. Teloneiro **Sigilu** (ás 19.00 h.)

20.30 h.

Actuación da **charanga Amigos de Manolo** pola zona dos viños, praza da Soidade e Raíña e distintas zonas do centro.



FUEL FANDANGO

20.30 H. // PR. HORTA DO SEMINARIO



PASARRÚAS

DURANTE TODAS AS FESTAS
POLAS RUAS DA CIDADE

05 MÉRcores

SAN FROILÁN 2016
DÍA DE SAN FROILÁN



21.00 h.

Pasarrúas da **charanga Jalálticos** polo barrio de Recatelo e paseo Vila de Foz.

21.30 h.

Concerto de **Grupos de Rock/Folk-Pop/Pop**, na praza de Santa María. **Caxade, Familia Caamagno, Arrhythmia e Conducto Coloquio.**

22.00 h.

Verbena coa orquestra **La Fórmula** na praza de Breaña.

23.00 h.

Fogos artificiais, coa pirotecnia Pibierzo na rúa poeta Noriega Varela.

23.30 h

Sesión disco coa **Duendeneta** na praza da Soidade.



FOGOS
ARTIFICIAIS

23.00 H. // RÚA POETA NORIEGA VARELA



CONCERTO
GRUPOS DE
ROCK/FOLK-POP/POP

21.30 H. // PR. DE SANTA MARIA



DUENDENETA

23.30 H. // PR. DA SOIDADE

06 XOVES

SAN FROILÁN 2016

12.00 h.

Entrega de premios do Concurso de tapas no Salón de Plenos do Concello de Lugo.

18.00 h.

Letra das festas (2016)
"Anécdotas e sucedidos do San Froilán" Revista Oral no Círculo das Artes. Organizada pola Sección de Literatura de tradición Oral da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega.

19.00 h.

Pasarrúas de **Nubeiro Lugo** pola Piringalla, Garabolos e praza Viana do Castelo.

20.00 h.

Presentación do nº 13 da Colección San Froilán dos Devanceiros no Salón de Sesiões do Concello.

20.00 h.

III Concurso de polbeiras e polbeiros do San Froilán no Mercado Municipal.

20.00 h.

Orquestra **Principal** na praza da Milagrosa.

21.00 h.

Actuación da **charanga Maloserá** pola zona dos viños.

21.00 h.

Concerto de **A Quenlla** na praza de Santa María. Homenaxe a Manuel María.

21.30 h.

Actuación dos **DJS Seven Airwaves Lugo Baila!**, na praza do Campo Castelo.

22.30 h.

Foliada do Colectivo A.L.A.S. na praza da Soidade.

23.00 h.

Concerto de **Gin Toni's** na praza de Santa María.



RECINTO FEIRAL

DO 30 DE SETEMBRO AO 12 DE OUTUBRO



A QUENLLA

21.00 H. // PR. DE SANTA MARÍA

07 VENRES

SAN FROILÁN 2016

12.00 h.

Sesión vermú dos **DJS**
Seven Airwaves Lugo Baila!,
na rúa Bispo Aguirre.

17.00 - 20.00 h.

Exhibición de **fiandeiras,**
cantareiras e gaiteiros, a cargo
da asociación cultural **Bolboreta**
Fiandeira na praza Maior.

18.30 h.

Concerto **Fábrica de Sons,**
escola de música na
praza de San Marcos.

20.00 h.

Actuación de **charanga Arde**
Yukú polo Barrio da Ponte.

20.30 h.

Gala do Deporte Lucense
no Auditorio Municipal
Gustavo Freire.

21.00 h.

Concerto de **Loquillo** na
praza Horta do Seminario.
Teloneiro **La Penúltima**
(ás 20.00 h.)

21.00 h.

Os Pelúdez entre nós
pola zona dos viños.

21.30 h.

Concerto dos **Foolmakers**
na praza de San Marcos.



FIANDEIRAS
CANTAREIRAS
E GAITEIROS

17.00 H. // PR. MAIOR

LOQUILLO

21.00 H. // PR. HORTA DO SEMINARIO



07 VENRES SAN FROILÁN 2016

22.00 h.

Actuación da **charanga Madialeva** pola praza Maior, Campo Castelo e zona dos viños.

22.30 h.

Concerto da **Orquestra de Jazz de Galicia + Kepa Junquera** na praza de Santa María.

22.30 h.

Pasarrúas dos **Festicultores** pola zona dos viños.

23.00 h.

Concerto de **The Wireless** "Tributo a Bob Marley" na praza San Marcos.

00.00 h.

Verbena coa orquestra **Limón** na praza Maior.

**CASETAS
DO POLBO**

DO 30 DE SETEMBRO AO 01 DE NOVEMBRO

PASEO VILA DE FOZ



FOOLMAKERS

21.30 H. // PR. DE SAN MARCOS



**ORQUESTRA
LIMÓN**

00.00 H. // PRAZA MAIOR



FESTICULTORES

22.30 H. // POLA ZONA DOS VIÑOS

08 SÁBADO

SAN FROILÁN 2016
DÍA DE FERROL

11.00 h.

Feira de antigüidades e coleccionismo na rúa da Raíña. Ata as 21.00 h.

11.00 h.

O San Froilán Tecedeiro, actividade aberta de cestería a cargo da asociación **Corazóns Artesáns** no parque Rosalía de Castro ata as 13.30 h. (en caso de chuvia trasladarase á carpa da praza da Soidade).

11.30 h.

VII Desfile de Gando San Froilán. Percorrido: tramo peonil da ronda da Muralla, praza da Constitución, Campo Castelo, praza Maior e Bispo Aguirre. Grupo acompañante: "Os Xílgaros de Lugo".

12.00 h.

Actuación de "**Hortensio o home orquestra**" no Campo Castelo e na praza Maior.

12.30 h.

Actuación da **charanga Támega** na praza Maior e recinto histórico.

12.30 h.

Recepción oficial á Corporación do Concello de Ferrol no Salón de sesións, na Casa do Concello.

13.00 h.

Sesión vermú de **Ocean's Garden, Bristol, Zootropa** na praza do Campo Castelo.

16.00 h.

Concerto das **Bandas de Antas de Ulla, Lalín, Pontearreas e Ribadeo**, na praza de Santa María.

17.00 h.

O San Froilán Tecedeiro, actividade aberta de cestería a cargo da asociación **Corazóns Artesáns** no parque Rosalía de Castro ata as 21.00 h. (en caso de chuvia trasladarase á carpa da praza da Soidade).



DESFILE DE GANDO

11.30 H. // PR. MAIOR



ANIMACIÓN DE RUA

DURANTE TODAS AS FESTAS
POLAS RÚAS DA CIDADE



SAN FROILÁN TECEDERO

11.00 E 17.00 H.// PARQUE ROSALÍA DE CASTRO

08 SÁBADO SAN FROILÁN 2016
DÍA DE FERROL

18.30 h.

Pasarrúas bloco de percusión **Percusiona** polo recinto histórico.

19.00 h.

Pasarrúas de **Treboada** pola zona da Fonte dos Ranchos.

21.00 h.

Actuación **charanga A Excusa** na zona do Campo Castelo, praza Maior e zona dos viños.

21.00 h.

Concerto de **Abraham Mateo** na praza Horta do Seminario.

22.00 h.

Concerto de **Pepe Vaamonde Grupo**, presentando "Nas pedras do lar" na praza de Santa María.

23.00 h.

Pasarrúas dos **Festicultores** pola zona dos viños.

23.30 h.

Concerto de **David Prado** na praza de Santa María.

00.30 h.

Verbena coa orquestra **Anaconda** na praza Maior.



**DAVID
PRADO**

23.30 H. // PR. DE SANTA MARÍA



**ABRAHAM
MATEO**

21.00 H. // PR. HORTA DO SEMINARIO

09 DOMINGO

SAN FROILÁN 2016
DOMINGO DAS MOZAS / DÍA DO TRAXE TRADICIONAL GALEGO

11.00 h.

Feira de antigüidades e coleccionismo na rúa da Raíña. Ata as 21.00 h.

11.00 h.

O San Froilán Tecedeiro, actividade aberta de cestería a cargo da asociación **Corazóns Artesáns** no parque Rosalía de Castro ata as 13.30 h. (en caso de chuva trasladarase á carpa da praza da Soidade).

11.30 h.

XVIII Mostra de Música Tradicional do Domingo das Mozas, coa Asociación de Gaiteiros Galegos, polo recinto histórico

- **A Requiñta de Xián** (Boqueixón, A Coruña)
- **A Volta do Agro** (Lugo)
- **Berros do Castro** (San Sadurniño, A Coruña)
- **Caivanca** (Lugo)
- **De pé feito** (Ourense)
- **Fiandola** (Moaña, Pontevedra)
- **Folquiada** (Lugo)
- **Illa Pancho** (Ribadeo, Lugo)
- **Lubicáns** (Ourense)

- **Reviravolta** (Lugo)
- **Souto Ximaro** (Vilanova de Lourenzá, Lugo)
- **TradiSón** (Gondomar, Pontevedra)
- **Xaora** (Lugo)

11.30 h.

Recepción na casa do Concello aos Amigos do Traxe Galego, de Santiago. Paseo e exhibición ata o parque Rosalía de Castro.

12.00 h.

Ofrenda floral a Rosalía de Castro por parte de **Lupe Bao Reixa** e coa participación do gaiteiro **Simón Piñón**.

12.00 h.

XIV Festival de Cultura Tradicional, organizado pola Asociación Cultural Cantigas e Frores, na praza de Santa María. Participarán os seguintes grupos: **Asociación Cultural "Cantigas e Frores"** de Lugo, **Salleko Dantza Eta Txistu** Taldea de Sestao e **Ronda Típica da Meadela** de Viana do Castelo.

MOSTRA DE MÚSICA TRADICIONAL

11.30 H. // POLO RECINTO HISTÓRICO



FESTIVAL DE CULTURA TRADICIONAL

12.00 H. // PR. DE SANTA MARIA

09 DOMINGO

SAN FROILÁN 2016
DOMINGO DAS MOZAS /
DÍA DO TRAXE TRADICIONAL GALEGO

12.30 h.

Actuación da **charanga Vacapinta** pola zona da Avda. Rodríguez Mourelo e recinto feiral.

12.30 h.

Pasarrúas de **Arrincadeira** pola zona de Montirón e Fontiñas.

13.00 h.

Sesión vermú de **Clave de Luna, Junkhead e Mythical Fail** na praza da Soidade.

13.00 h.

Sesión vermú de **Carta de Ajuste** na praza do Campo Castelo.

17.00 h.

O San Froilán Tecedeiro, actividade aberta de cestería a cargo da asociación **Corazóns Artesáns** no parque Rosalía de Castro ata as 21.00 h. (en caso de chuvia trasladarase á carpa da praza da Soidade).

17.30 h.

XVIII Mostra de Música Tradicional do Domingo das Mozas, coa **Asociación de Gaiteiros Galegos**, polo recinto histórico.

20.00 h.

Pasarrúas de **Airiños de Orzabai** pola Rúa Nova, praza da Soidade e zona dos viños.

20.00 h.

Concerto da **Banda Municipal de Lugo** con **María do Ceo** na praza de Santa María.

21.30 h.

Concerto de **Bebe** na praza Horta do Seminario.

23.00 h.

Concerto de **Xabier Díaz e as Adufeiras do Salitre** na praza de Santa María.

23.00 h.

Verbena coa orquestra **Olympus** na praza de Breña.

BEBE

21.30 H. // PR. HORTA DO SEMINARIO



XABIER DÍAZ E AS ADUFEIRAS DO SALITRE

23.00 H. // PR. DE SANTA MARÍA

10 LUNS

SAN FROILÁN 2016
DÍA DOS MAIORES

12.00 h.

Sesión vermú dos **DJS
Seven Airwaves Lugo
Baila!**, na rúa San Marcos.

18.00 h.

Verbena coa orquestra
Acordes na praza Maior.

19.00 h.

Os Pelúdez entre nós na
verbena da praza Maior.

19.00 h.

Pasarrúas dos **Campeiros
de San Xoán** pola zona
do Castiñeiro.

20.00 h.

Pasarrúas da **charanga
Maloserá**, pola rúa Aguirre e a
praza dos Mártires de Carral.

20.00 h.

Concerto “**Vivindo o
flamenco**” **Noelia la Negri
& Compañía de flamenco**,
na praza de San Marcos.

21.00 h

Concerto de **Mambo Jambo**
na praza de Santa María.

22.00 h.

Pasarrúas do **gaiteiro
Simón Piñón** pola zona dos
viños e praza da Soidade.



MAMBO JAMBO

21.00 H. // PR. SANTA MARÍA



11 MARTES

SAN FROILÁN 2016
DÍA DO CAMIÑO PRIMITIVO

11.30-13.30 h.

Maxia no Camiño dende a Porta de San Pedro ata a Porta Miñá.

11.30 h.

Paseo polo Camiño Primitivo
"De porta a porta" (Desde a porta San Pedro á Porta Miñá).

12.00 h.

Recepción as Alcadesas e Alcaldes do Camiño, no salón de sesións da Casa do Concello.

12.00 h.

Sesión vermú dos **DJS Seven Airwaves Lugo Baila!**, na praza da Soidade.

12.30 h.

Concerto da **Banda Municipal de Lugo** no quiosco da praza Maior.

13.00 h.

Sesión vermú con **Adrián Vigo** na praza de San Marcos.

18.00-21.00 h.

O Baúl do Mago na praza Pío XII.

19.00 h.

Pasarrúas de **Son de Lugh** pola zona do Sagrado Corazón.



**BANDA
MUNICIPAL
DE LUGO**

12.30 H. // QUIOSCO PR. MAIOR

PASEO POLO CAMIÑO PRIMITIVO



11.30 H. // PORTA DE SAN PEDRO



CHARANGAS
DURANTE AS FESTAS
POLA ZONA DOS VIÑOS

11 MARTES

SAN FROILÁN 2016
DÍA DO CAMIÑO PRIMITIVO

21.30 h.

Concerto de **Carlos Núñez** na
praza Horta do Seminario.

Patrocina: **LEYMA**
natura

22.30 h.

Actuación dos **DJS Seven**
Airwaves Lugo Baila!,
na praza da Soidade.

23.00 h.

Concerto de **Ana Moura**
na praza de Santa María.

00.00 h.

Verbena coa orquestra
Costa Dorada
na praza Maior.

**ANA
MOURA**

23.00 H. // PR. DE SANTA MARÍA

**CARLOS
NÚÑEZ**

21.30 H. // PR. HORTA DO SEMINARIO

12 MÉRCORES

SAN FROILÁN 2016

11.00 h.

Feira de antigüidades e coleccionismo na rúa da Raíña. Ata as 21.00 h.

11.00 h.

Inauguración da **Volta ao Medioevo** ao carón da Catedral de Santa María. Feira medieval organizada pola asociación de Antigos alumnos da Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón.

11.30 h.

Misa en latín cantada polo **Orfeón Lucense** dirixido por Marcos Fernández Mosquera na capela de San Froilán da Catedral.

12.00 h.

Pasarrúas de **Airiños da Freba** pola praza dos Mártires de Carral.

13.00 h.

Sesión vermú da orquestra **Suavecito** na praza Maior.

13.00 h.

Sesión vermú de **Tunduru e Kalte Sonne** na praza da Soidade.

18.30 h.

Pasarrúas dos **Valuros** pola praza Maior.

19.00 h.

Concerto da **Banda Devandoira** na praza Horta do Seminario.

20.00 h.

Concerto de **Brath 1980 - 2016** na praza Horta do Seminario. Estarán acompañados de: **Banda de Gaitas Devandoira, Grupo de Corda Lucus, Grupo vocal Codex Box,** e o guitarrista do grupo de rock "Imán", Manuel Rodríguez (ex La Decada Prodigiosa).

21.30 h.


Verbena coa orquestra **Suavecito** na praza Maior.



11.00 H. // PR. PÍO XII



20.00 H. // PR. HORTA DO SEMINARIO



SAN FROILÁN MIÚDO 2016

NO PATIO DO SEMINARIO

MARTES 04

Día do canto e da escoita

17.00-19.00 h.

KARAOKE INFANTIL COA DUENDENETA

Este karaoke contará cunha pantalla xigante, un precioso micrófono estilo retro e un pequeno escenario no que as nenas e nenos poderán elixir entre un amplísimo arquivo de cancións.

19.00 h.

CONCERTO DIDÁCTICO "APRENDENDO A ESCOITAR"

Este espectáculo concíbese como un traxecto musical para ir tomando conciencia da estrutura dunha obra na que cinco músicos interpretarán varias pezas de música clásica, guiados por un narrador.

MÉRCORES 05

Día da música e dos pallasos

11.00-13.00 h.

OBRAIDRO DE INSTRUMENTOS MUSAICAIS

Crearanse pequenos instrumentos musicais con materiais de refugallo: maracas, pao de choiva, pandeireta, castañas, mini tambores... reutilizando obxectos cotiáns.

13.00 h.

ACTUACIÓN "UNHA VIAXE POLO MUNDO" DE AS MAIMIÑAS

Neste espectáculo cóntase a viaxe de Mai e Miña por distintos países. As cancións e danzas mestúranse coa roupa e complementos que caracterizan a cada un deles.

17.00-19.00 h.

KARAOKE INFANTIL COA DUENDENETA

19.00 h.

ACTUACIÓN "POPÍN PALOMERO" DO PALLASO POPÍN

Este artista non deixa de facer tolerías intercaladas con trucos de maxia cos que fai aparecer ata ... catro pombas. A improvisación e a intervención do público fan que cada espectáculo sexa diferente.

SAN FROILÁN

MIÚDO 2016

XOVES 06

Día da natureza e da maxia

17.00-20.00 h.

"A MÚSICA DAS ÁRBORES" CO BARDO ABELARDO E O CARBALLO CON BOTAS

Inicio: recinto histórico

Chegada: patio do Seminario

Ábrense as portas da Muralla de Lugo á música dos teixos, das sobreiras, dos freixos...

O músico Servando Barreiro, o "Bardo Abelardo" e o contacontos Anxo Moure, o "Carballo con Botas" percorren as rúas e prazas cantando e contando contos acompañados dun burro de madeira de bidueiro.

17.00-20.00 h.

LUDOTECA ITINERANTE "EIRA XANDOBELEIRA" CON MATERIAIS NATURAIS E DE REFUGALLO

Componse dunha colección de xogos para todas as idades elaborados artesanalmente e inspirados en xogos tradicionais de épocas e lugares diversos. Xandobela significa "xogar" en barallete, a lingua dos afiadores, e o xogo é unha actividade esencial para o desenvolvemento das nenas e nenos.

17.00-20.00 h.

"O BAÚL DO MAGO"

Trátase dunha caravana convertida nun auténtico teatro itinerante en busca de aventuras onde a maxia non só se ve, senón que se sente e se vive. A proximidade e interacción co mago é unha constante durante o espectáculo.

VENRES 07

Día dos bebés e da maxia

17.00-20.00 h.

"MUNDOBEBÉ" DE KOREMI

O taller "Mundobebé" é un espazo de propostas para a imaxinación dos máis pequenos e as súas familias: o cubo da creatividade, xogos de habilidade de madeira, peixeiras para pescar, tendas de campaña, puzzles con pezas de gran tamaño, peluches, túneles, un memorama xigante e grandes lonas de xogos... Neste espazo pónense ao alcance das familias retos para a creatividade creando un ambiente favorecedor coa música e a decoración.

17.00-20.00 h.

"O BAÚL DO MAGO"

SÁBADO 08

Día da reciclaxe
e dos monicreques

11.00-13.00 h.

GARABATO DE XOGOS PARQUE DE XOGOS DE HABILIDADE FEITOS CON MATERIAIS REUTILIZADOS

É un conxunto de xoguetes que foron feitos con ferranchos vellos, cunhas tuberías inservibles, uns madeiros e algunhas cordas, todo material reciclado. Son brinquedos variados que entreteñen e reforzan vínculos familiares a ollos vista: nais, pais, avós e avoas conectan cos fillos e netos e enredan xuntos e entusiasmados.

13.00 h.

ACTUACIÓN "BARRIGA VERDE, O RECICLADOR" DE TÍTERES CASCANUECES

Este espectáculo está protagonizado por Barriga Verde, un home que vai polas feiras contando contos e facendo monicreques. Todo son risos e diversión, quere aprender a reciclar e coidar o planeta, pero no seu percorrido atópase co díaño que quere complicarlle a tarefa.

13.00 h.

ACTUACIÓN "XAN PERILLÁN, COMPRA QUEIXO, COMPRA PAN" DE MONICREQUES DE KUKAS

É un espectáculo que mestura o clown e a pantomima coa maxia e os monicreques compaxinando o ocio e o divertimento coa educación no consumo responsable e nos hábitos de vida saudables e respectuosos co medio ambiente e a ecoloxía.

17.00-19.00 h.

GARABATO DE XOGOS

DOMINGO 09

Día da música
e o baile tradicional

11.00 - 13.00 h.

EI CARBALLEIRA!! XOGOS POPULARES E OBRADOIRO DE CESTOS

Contaremos co xogo da rá, cos zancos, diábolos, paracaídas xigante, faranse carreiras de sacos e tirarán co sogatira! E mentres tanto outros participantes aprenderán a elaborar un pequeno cesto.

SAN FROILÁN

MIÚDO 2016

13.00 h.

ACTUACIÓN DE UXÍA LAMBONA E A BANDA MOLONA

Esta banda de música infantil recolle os clásicos populares galegos dándolles o seu toque particular, dende a Carolina "rapeada" ata o Jato "rockeiro"... Tamén cantarán moitos temas tradicionais, todos eles moi dinámicos, facendo que todas as nenas e nenos presentes sexan partícipes deste "des-concerto" cheo de bailes, xogos, coreografías e algunha que outra sorpresa!!!

17.00-19.00 h.

TALLER DE BAILE TRADICIONAL "XOGANDO A BAILAR"

19.00 h.

"VERBENA GALEGA" DE XABIER IGLESIAS, ESCOLA DE BAILES TRADICIONAIS DE ESPAZO ARTÍSTICO 10 E AIRIÑOS DA FREBA

Nas dúas primeiras horas realizarase un obradoiro de baile tradicional galego dirixido ao público familiar onde se aprenderán pasos base para poder participar nunha verbena galega: pasodobres, rumbas, mazurcas, vales e, por suposto,

muiñeiras e xotas serán os ritmos que acompañen estes pasos.

LUNS 10

Día da ciencia e do cinema

17.00-20.00 h.

EXPERIMENTOS CIENTÍFICOS: QUIMILAB, POLÍMEROS "UN MOCO VISCOSO PARA YAGO"

Este é un achegamento ao apaixonante mundo dos polímeros para xogar. Apúntate a sintetizar con Quimi unha divertida tea de araña moi viscosa, elástica e fráxil? Mestura, revolve e sintetiza.

17.00-20.00 h.

CINEMA NA CAIXIÑA DE MISTOS

Esta actividade relacionada co cinema resulta moi novedosa. Trátase dunha caravana antiga reconvertida nunha pequena sala de cine móbil na que se fan proxeccións de curtametraxes de temática infantil. A maiores inclúe un obradoiro de creación cinematográfica para meniños.

MARTES 11

Día do baile artístico

17.00-19.00 h.

TALLER DE BAILE DE RITMO LUGO

19.00 h.

EXHIBICIÓN DE RITMOLUGO COS CAMPÍONS DO MUNDO DE BAILE ARTÍSTICO E MERENGUE E 3º DE ROCK AND ROLL, JANDRO PALLARES E MAGALI PIEDRA

MÉRCORES 12

Día do jazz e da primeira infancia

11.00-13.00 h.

OBRAOIRO DE PERCUSIÓN CON REFUGALLO DE GALLAECIA EVENTOS

13.00 h.

CONCERTO DIDÁCTICO DE JAZZ "GALLAECIA GALLAECIÑOS"

É un proxecto músico-teatral e educativo no que se pretende ensinar en sesenta minutos, dun xeito divertido e entretido, a historia do jazz, narrando cómo naceu cada un dos seus estilos: gospel, blues,

ragtime, dixieland, swing, bebop, cool jazz, funky, soul...

17.00 - 20.00 h.

"O PAXARO CARPINTEIRO" ESPAZO DE EXPERIMENTACIÓN E XOGO LIBRE (0-4 ANOS).

O paxaro carpinteiro está integrado por un espazo de xogo con materiais naturais que conta con varias áreas de xogo: estruturas de psicomotricidade, xogo sensorial, construción, areal de cereais e espazo de relax e calma. É un espazo pioneiro no seu ámbito e consta de material de calidade, educativo e de liñas pedagóxicas de renome. Estimula valores coma compartir, respectar e axudar entre risas e emocións.

19.00 h.

"O SON QUE ME ARROLA" PARA NENAS/OS (-5 ANOS) DA ASOC. SOCIOEDUCATIVA ANTONIO GANDY

Nesta proposta ofrécese a posibilidade dun espazo lúdico onde a familia pode experimentar e manipular os diferentes instrumentos de percusión: pandeiros, pandeiretas, bombos, tarrañolas... e outros construídos a partir de materiais de refugallo.

ACTIVIDADES DEPORTIVAS

30 SETEMBRO

10.00 h. Torneo San Froilán
Balonmán Veterano.
Pabillón Municipal
dos Deportes

01 OUTUBRO

09.00 h. XVII Marcha Cicloturista
San Froilán.
Saída e chegada
Polideportivo
Municipal "O Pombal"

10.00 h. XIX Torneo Hockei Liña
Cidade de Lugo
San Froilán.
Polideportivo Daniel
Cordido (Piringalla)

10.00 h. XX Torneo
San Froilán de Golf.
Campo de Golf de Lugo

16.00 h. XVI Criterium Ciclista
San Froilán.
Circuíto Avda
Ramón Ferreiro

18.00 h. Emeve - Club Vigo Volei.
Pabillón Municipal
dos Deportes

20.00 h. Emeve - Santa Cruz.
Pabillón Municipal
dos Deportes

18.00 h. C.D. Lugo - Real
Mallorca.
Estadio Anxo Carro

02 OUTUBRO

09.00 h. XLII Torneo Judo
San Froilán.
Pabillón Municipal
dos Deportes

10.00 h. X Trofeo San Froilán
de Tiro con Arco.
Polideportivo Daniel
Cordido (Piringalla)

10.00 h. Campionato Galego de
Novas Promesas
de Tiro.
Galería Tiro-
Polideportivo. Casa
do Deporte

10.00 h. VI Copa San Froilán
Softball.
Campo Municipal
Germán López
Vila (O Ceao)

11.30 h. II Carreira Popular
de Montaña.
Saída e chegada
Feira Exposicións

07 OUTUBRO

20.30 h. XII Entrega Premios
*El Progreso ao
Deporte Lucense.*
Auditorio
Gustavo Freire

21.00 h. II Velada Boxeo
San Froilán.
Polideportivo
Municipal "O Pombal"

22.00 h. Open San Froilán
de Fútbolín.
Pool Bar Tiempos
Modernos

09 OUTUBRO

11.30 h. XLII Torneo Judo
San Froilán Promoción
e Promesa.
Pabillón Municipal
dos Deportes

11 OUTUBRO

20.30 h. VI Copa San Froilán de
Fútbol-7 (+35 anos).
Campo Municipal
da Cheda

12 OUTUBRO

09.00 h. IV Copa Amistad 2016.
Campo Municipal
da Cheda

10.00 h. XII Concurso Pesca
Ciprínidos San Froilán
Club Fluvial de Lugo

01 e 08 OUTUBRO

10.00 VIII Torneo San
16.00 h. Froilán Veteranos e
Infantís de Béisbol.
10.00 h. Veteranos
16.00 h. Infantís
Campo Municipal
Germán López

07, 08 e 09 OUTUBRO

17.30 h. Open San Froilán
Billar Pool.
Pool Bar Tiempos
Modernos

08 e 09 OUTUBRO

10.30 h. VIII Torneo
San Froilán de
Squash.
Pazo Provincial
dos Deportes

Museos Municipais

- CIM
- Casa dos Mosaicos
- Centro Arqueolóxico San Roque
- Domus do Mitreo
- MIHL
- Sala de exposicións Porta Miñá

Prolongacións de liñas e servizos especiais dos autobuses urbanos

Os días **04, 08 e 11 de outubro** (véspera de festivo):

- 3A** (Acea de Olga-Ramil)
- 4** (Tolda-Abella)
- 6** (Montirón-Residencia-Cheda)
- 7A** (Gándaras-Cemiterio),

Ata as **03:00 h.**

Os días **05, 09 e 12** (domingo e festivos):

- 3AE** (Acea de Olga-Ramil)
- 4E** (Tolda-Abella)
- 5E** (Gándaras-Campaña-Cemiterio)
- 6E** (Montirón-Residencia-Cheda)

Ata as **02:00 h.**

SERVICIO ESPECIAL QUE CONECTARÁ AS ZONAS DE ESTACIONAMENTOS DISUASORIAS CO RECINTO FEIRAL:

Días **04, 08 e 11** (véspera festivo, de **22:00 a 03:00 h.**)

Días **05, 09 e 12** (Domingo e festivos, de **12:00 a 02:00 h.**)

Ruta 1 / Frecuencia 30 min.

Saída da rúa Celso Emilio Ferreiro (esquina Gran Hotel), por Xacinto Calvo, San Roque, Montero Ríos, Fontiñas, Fonte da Bica (Inmediacións Policía Local), Estrada da Granxa, Campos Novos, Alfonso X O Sabio, Agro da Torna, Avda de Magoi, Pintor Corredoira e novamente Celso Emilio Ferreiro.

Ruta 2 / Frecuencia 30 min.

Saída de Celso Emilio Ferreiro (esquina Gran Hotel), Xacinto Calvo, San Roque, Ronda da Muralla, Avda. da Coruña, Parque da Milagrosa, Alto de Garabolos, avda. Paulo Fabio Máximo e avda. Infanta Elena (As Termas), para continuar por Paulo Fabio Máximo, Alto de Garabolos, avda. da Coruña, Parque da Milagrosa, Ronda da Muralla, Porta Santiago, República Argentina, Pintor Corredoira e remate en Celso Emilio Ferreiro.

4 ZONAS DE ESTACIONAMENTOS DISUASORIAS:

- Dúas R/ Campos Novos
- Unha en "As Termas"
- Unha no polígono das inmediacións das dependencias da Policía Local. Rúa das Artes

Todas debidamente sinalizadas mediante cartelería.

Puntos de interese

- 1** Augas Férreas
 - 2** Praza Horta do Seminario
 - 3** Patio do Seminario
 - 4** Praza Maior
 - 5** Praza de Santa María
 - 6** Praza da Soidade
 - 7** Praza do Campo Castelo
- Estación de autobuses
 - Estación de tren
 - P Aparcadoiros
 - i Oficina de información
 - Caseta Policía
 - Caseta Protección Civil
 - Cambiador de curoes



SAN FROILÁN DOS DEVANCEIROS

NOVO LIBRO DA COLECCIÓN

MEMORIAS DO SAN FROILÁN por Isidro Novo e Antonio Reigosa


Polo regular os libros da colección *San Froilán dos Devanceiros* baséanse en documentos escritos, impresos ou procedentes de arquivos, que son as fontes ordinarias para a historia local...

[...]

O libro que publicamos este ano é radicalmente distinto: é un libro de historia oral no que os documentos escritos aparecen case exclusivamente como auxiliares da memoria das autoras e autores.

[...]

Xuntáronse neste caso un bo fato de persoas de moi diferentes idades, procedencias, intereses e condicións, na tarefa común, guiada por Antonio Reigosa e Isidro Novo, de ofrecernos



un libro vivo e sentido de memorias do San Froilán. Un libro ameno, e mesmo conmovedor, con diversas visións, con distintos enfoques, que nos fai sentir o latexo da vida e o pulso das nosas festas nun período de algo máis de medio século no que tantas voltas deu o mundo, e a nosa cidade con el.

Carmen Basadre Vázquez

Presentación:

Xoves 6 de outubro ás 20:00 h.
no **Salón de Plenos da Casa do Concello**.

Outros títulos da colección:

1. *Emilia Pardo Bazán en Lugo (San Froilán, 1906)*, por Javier Serrano Alonso
2. *A chegada a Lugo do primeiro tren (San Froilán, 1875)*, por Darío Xohán Cabana
3. *O cinematógrafo nas festas de San Froilán de Lugo (1898-1930)*, por Fernando Arribas Arias
4. *Cunqueiro e Don Hamlet en Lugo (San Froilán, 1959)*, por Darío Xohán Cabana
5. *Pelúdez. O libro (1908-2008). Cen anos de sanfreiláns contados por el mesmo*, por Antonio de Cora, Juan Ramón Somoza, Purificación de Cora, Xosé Trapero e Xosé de Cora
6. *A festa máis fermosa do outono galaico (Os escritores falan do San Froilán)*, por J. Luís Calvo e Yago Rodríguez Yáñez
7. *Lucus fulget. As festas literarias nos sanfreiláns finiseculares (1899-1901)*, por Javier Serrano Alonso
8. *A publicidade das festas de San Froilán de Lugo: carteis e programas 1877-2011*, por Teresa Pena Moreda e Fernando Arribas Arias
9. *Barriga Verde, Manuel María e o San Froilán*, por J. Luís Calvo
10. *Libro de pregóns das festas do San Froilán de Lugo 1977-2012*
11. *A orixe das feiras, das exposicións e dos concursos*, por Adolfo de Abel Vilela
12. *A orixe das festas modernas e contemporáneas*, por Adolfo de Abel Vilela



3º CONCURSO DE POLBEIRAS/OS



XOVES, 06 DE OUTUBRO
ÁS 20.00 H. NO MERCADO
MUNICIPAL DE ABASTOS

O concurso ten como obxectivo incentivar e premiar os coñecementos e habilidades das *polbeiras* e *polbeiros* profesionais do ámbito de Galicia en materia de elaboración e servizo do “*Polbo á feira*” como alimento tradicional das feiras e festas do San Froilán e así seguir mantendo unha gastronomía que xa forma parte da nosa cultura.

Na competición por cocinar o mellor polbo do San Froilán participan un máximo de 8 profesionais. O xurado analizará o sabor, a textura e punto de cocción, o adobo e o corte e a presentación final do polbo.

Outorgaranse
dous premios:

Primeiro premio:
En metálico, dotado
con **1.000 euros**.

Segundo premio: aloxamento
dunha **noite para dúas
persoas + almorzo + circuíto
termal** no Balneario de Lugo.



OUTRAS ACTIVIDADES

VII FESTIBLAS

CLAVICÉMBALO (RUA PAXARIÑOS, 23)

VENRES 30/09

23.30 H.

- Bifannah
- The Garage Players
- The Blind Crows

SÁBADO 01/10

23.30 H.

- Nave Nodrizia
- Fasenuova

MARTES 04/10

23.30 H.

- Deep Mind

MÉRCORES 05/10

23.00 H.

- Le Parody
Folktrónica
(Artistas en ruta)

XOVES 06/10

23.00 H.

- Birds are indie
Pop/Folk
(Coimbra, Portugal)

VENRES 07/10

23.45 H.

- The Lazy Bones
Soul & Funky

SÁBADO 08/10

23.45 H.

- Cooltrain Band
Groove, funk, hard
rock, soul...
Rede Galega

MARTES 11/10

23.45 H.

- Noite de Black Music

VENRES 14/10

23.45 H.

- The Electric Alley
Rock

SÁBADO 15/10

23.45 H.

- Rafael Amor
Cantautor argentino
con máis de 20
discos editados

EXPOSICIÓN NO MIHL

(MUSEO INTERACTIVO)

DA HISTORIA DE LUGO

DO 01/10 AO 15/10

Exposición da
Asociación Somos
Unidos por el Cáncer.

"El cáncer nos
marca de por vida"
coa colaboración
de GEPAC (Grupo
Español de Pacientes
con Cáncer)
Inauguración:
01 de outubro
ás 19.00 h.

Ademáis haberá
proxeccións
audiovisuais e
actuacións de baile a
cargos de **Star Dance**.

ARTE

SAN FROILÁN

PR. ANXO FERNÁNDEZ GÓMEZ

Do 4 ao 12 de outubro

Horario: 11.00 a 14.00 h.
e 17.00 a 21.00 h.



COPA

INTERMUNICIPAL

MESTRAS

E MESTRES

DO TUTE

SÁBADO, 08 DE OUTUBRO

PALACIO MUNICIPAL

DE CONGRESOS

19.00 h. Sorteo

Emparellamentos

20.00 h. Comezo

7.700 EUROS EN PREMIOS

(Solidario co Banco de Alimentos)

Info: 669 880 404 / 616 092 102

Organiza: Team 101-2

Colabora: Concello de Lugo
Caixa Rural Galega
Lotería Lastra

SAN FROILÁN ASOCIATIVO

SÁBADO, 08 DE OUTUBRO

PR. DE SANTO DOMINGO

A partir das **10.00 h.** da mañá.

CONCURSO DE FOTOGRAFÍA E VÍDEO

"OLLADAS DO SAN FROILÁN"

O concurso de fotografía e vídeo "**Olladas do San Froilán**" é unha actividade que impulsa o Concello de Lugo co obxecto de difundir estas festas a través das fotografías e os vídeos de libre creación que acheguen as particulares miradas das persoas participantes, e que recollan calquera dos variados aspectos que caracterizan as Festas de San Froilán.

O tema principal dos traballos son as Festas do San Froilán, e poderán achegarse fotografías e vídeos que:

- 1/ Fagan difusión da vertente gastronómica, artística, cultural da nosa festa.
- 2/ Poñan en valor os aspectos positivos da mestura entre nacionalidades, etnias, culturas, etc.
- 3/ Revelen a auténtica vivencia do San Froilán tradicional.
- 4/ Reflictan como se vive o San Froilán fóra de Lugo, en centros galegos de grandes capitais, etc.

Establécense dúas categorías, fotografía e vídeo. Cada unha cos seguintes premios:

1º Premio:

vale por importe de 750 euros para cambiar por material fotográfico.

2º Premio:

vale por importe de 600 euros para cambiar por material fotográfico.

3º Premio:

vale por importe de 450 euros para cambiar por material fotográfico.

Este concurso está aberto á participación de todas as persoas interesadas, tanto profesionais como afeccionadas, maiores de 14 anos de idade.

As obras poderán presentarse desde o 30 de setembro ata o 13 de outubro de 2016.

Para participar consulta as bases completas do concurso en www.lugo.gal

EXPOSICIÓN "SAN FROILÁN"

Exposición fotográfica e documental sobre a longa vida do San Froilán.

A mostra presenta un percorrido histórico pola festa dende as súas orixes, como unha das feiras máis importantes de Galicia ata a actualidade. É unha das festas máis fermosas do outono galego.

Trátase dunha instalación visual, organizada polo Concello de Lugo e distribuída en paneis polo casco histórico de Lugo.

A pegada dos artistas na publicidade das festas, a memoria do Santo Patrón de Lugo, a concesión da feira franca, a calidade do gando e dos produtos gastronómicos, a tradición e difusión do folclore galego son algún dos puntos destacados desta interesante mostra espallada pola cidade.



Concello de Lugo

Ven; é Lugo



fb.com/LugoTurismo



@lugoturismo

Disponible en

app de lugoturismo

www.lugo.gal



expolugo
mostra agrogandeira
8 e 9 outubro 2016

PAZO DE FEIRAS E CONGRESOS DE LUGO

**Entrada
Gratuita**
De 12:00 a 21:00h

ACTIVIDADES PROGRAMADAS

- CONCURSO - EXPOSICIÓN MONOGRÁFICO DE **RAZA RUBIA GALEGA**
- CURSO DE XUICES RAZA RUBIA GALEGA 2016
- VI CONCURSO - EXPOSICIÓN MONOGRÁFICO PROVINCIAL DE **GALIÑA DE MOS**
- EXPOSICIÓN DAS **RAZAS AUTÓCTONAS BOVINAS** EN PERIGO DE EXTINCIÓN
(Cachena, Caldelá, Limiá, Frieirasa e Vianesa)
- EXPOSICIÓN DAS RAZAS **OVELLA GALEGA E CABRA GALEGA**
- I CONCURSO MORFOLÓXICO DE **PORCO CELTA**
- EXPOSICIÓN DE EXEMPLARES DE RAZA PORCINA AUTÓCTONA
- **MERCADO ALIMENTARIO** DE RAZAS AUTÓCTONAS
- MOSTRA DE **ARTESANÍA**
- **XORNADAS TÉCNICAS** DAS DISTINTAS ASOCIACIÓNS GANDEIRAS
- **DEGUSTACIÓN** DE BALDE DE RAZAS AUTÓCTONAS

+ info: 982 285 200
www.pfclugo.com

 **XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

 **DEPUTACIÓN DE LUGO**

 **Concello de Lugo**
Concelleiro de Cultura, Turismo,
Recreación e Promoción da Lingua

 **Fundación
Feiras e exposicións
de Lugo**

 **USC**
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

 **CADRA RURAL
GALEGA**

 **XENÉTICA FONTAO**

GASTROARTE

III FEIRA DE ARTESANÍA
E GASTRONOMÍA

Do 30 de setembro
ao 12 de outubro

RÚA PURO CORA

O Excmo. Concello de Lugo, a través da Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua, organiza a III Feira de Artesanía e Gastronomía do San Froilán - GASTROARTE 2016 co obxecto de recuperar o ambiente da feira tradicional que foi a orixe das famosas festas de San Froilán.

GASTROARTE acolle postos de artesanía e gastronomía, nunha interesante mestura que presenta no San Froilán o

bo facer de artesáns chegados de distintos puntos de Galicia e de máis aló, e o mellor da gastronomía para o gozo dos padais máis exquisitos, pois só participan produtos de calidade diferenciada, recoñecidos como Indicación Xeográfica Protexida ou Denominación de Orixe Protexida, ou con certificacións de agricultura ou produción ecolóxica.

Esta feira conta con expositores montados en stands individuais.



MUSEOS MUNICIPAIS

HORARIOS DURANTE O SAN FROILÁN



**CENTRO DE
INTERPRETACIÓN
DA MURALLA**

PRAZA DO CAMPO, 11



CASA DOS MOSAICOS

RÚA DOUTOR CASTRO, 20-22



**CENTRO ARQUEOLÓXICO
SAN ROQUE**

RÚA EMILIA PARDO BAZÁN, S/N

OFICINA MUNICIPAL DE TURISMO. CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA MURALLA (CIM)

Praza do Campo, 11
Luns, martes e mércores:
11.00 a 13.30 h.
e de 17.00 a 19.30 h.

De xoves a sábado:
11.00 a 19.30 h.
Domingo:
11.00 a 18.00 h.

CASA DOS MOSAICOS

Rúa Doutor Castro, 20-22
De martes a sábado:

11.00 a 13.30 h.
e de 16.00 h. a 19.30 h.
Domingo: 11.00 a 14.00 h.

CENTRO ARQUEOLÓXICO SAN ROQUE

Rúa Emilia Pardo Bazán, s/n
(Xardíns de San Roque)

De xoves a sábado:
11.30 a 13.30 h.
e de 17.00 a 19.00 h.
Domingo: 11.30 a 13.30 h.

DOMUS DO MITREO

Praza Pío XII
(Vicerreitorado USC)

De xoves a sábado:
11.30 a 13.30 h.
e de 17.00 a 19.00 h.
Domingo: 11.30 a 13.30 h.

MUSEO INTERACTIVO DA HISTORIA DE LUGO (MIHL)

Parque da Milagrosa
De martes a sábado:
11.00 a 13.00 h.
e de 17.00 a 20.00 h.
Domingo: 17.00 a 20.00 h.

SALA DE EXPOSICIÓNS PORTA MIÑÁ-LUGO ROMANO

Rúa do Carme, s/n
De xoves a sábado:
11.30 a 13.30 h.
e de 17.00 a 19.00 h.
Domingo: 11.30 a 13.30 h.



DOMUS DO MITREO

PRAZA PÍO XII



MUSEO INTERACTIVO

DA HISTORIA DE LUGO (MIHL)

PARQUE DA MILAGROSA



SALA DE EXPOSICIÓNS PORTA

MIÑÁ-LUGO ROMANO

RÚA DO CARME S/N

Teléfonos das casetas do polbo para reservas:

Caseta 01 O MUIÑO (654 489 712) // Caseta 02 MANOLO DE MARCE (686 609 294)
Caseta 03 BRUXA (654 448 917) // Caseta 04 TORRE DE NÚÑEZ (678 846 608)

Prezos públicos dos produtos básicos nas casetas:

Ración 250 gr. de pulpo, 8 euros
Ración 200 gr. de pan, 1,50 euros

Ración 200 gr. de cachelos, 1,50 euros
¾ de litro de viño de mesa, 4,15 euros

COMISIÓN DE FESTAS:

Lara Méndez López (PSOE)	Isabel Devesa Piñeiro (PP)
Mª Carmen Basadre Vázquez (PSOE)	Mª Cristina Pérez Herraiz (Lugonovo)
Miguel Fernández Méndez (PSOE)	Mª Olga Louzao Aldariz (Ciudadanos)
Encarna Amigo Díaz (PP)	Tareixa Ferreiro Tallón (BNG)
Antonio Ameijide Osorio (PP)	Carlos Anxo Portomeñe Pérez (ACE)

Este programa pode ser obxecto de modificacións. Calquera novidade será publicada diariamente nos medios de comunicación locais, na web oficial do San Froilán:

www.sanfroilan.info

e nas redes sociais oficias:  [fb.com/sanfroilan.info](https://www.facebook.com/sanfroilan.info)  [@sanfroilan16](https://twitter.com/sanfroilan16)

Busca a nosa App Lugo Turismo para estar ao tanto de todas as novas do San Froilán:



Tel. 982 297 350
para chamadas
desde fóra de Lugo



Consulta os nosos horarios e tarifas para San Froilán na nosa web: www.arriva.es

ALSA

25 % DE DESCENTO EN TRÁFICOS CON ORIGEN-DESTINO LUGO, PARA BILLETES IDA Y VUELTA CERRADA.

Oferta vixente do 01 de setembro ao 14 de outubro de 2016

Código de compra: SFR16

+ info: www.alsa.es

Teléfonos de interese:

OFICINA MUNICIPAL DE TURISMO

Praza do Campo, 11
27001 Lugo
Tel. 982 251 658
lugoturismo@concellodelugo.org

CONCELLO DE LUGO

Praza Maior, 1
27001 Lugo
Centraliña: 982 297 100
Tel. do cidadán: 010
(982 297 350 de fóra de Lugo)
010@concellodelugo.org
www.lugo.gal

OFICINA MUNICIPAL DE ATENCIÓN AO CONSUMIDOR

Ronda da Muralla, 197
27002 Lugo
Tel. 982 297 273

ESTACIÓN DE AUTOBUSES

Praza da Constitución, s/n
27002 Lugo
Tel. 982 223 985

ESTACIÓN DE FERROCARRIL

Praza do Conde Fontao, s/n
27003 Lugo
Tel. 902 240 025
www.renfe.es

RADIO-TAXI LUGO

Tel. 982 213 377

POLICÍA LOCAL

Rúa das Artes, 33-35
27002 Lugo
Tel. 092 / 982 297 110

* Puntos de atención ao cidadán na praza de Avilés (entrada Parque Rosalía)

PROTECCIÓN CIVIL

Rúa das Artes, 33-35
Edificio da Policía Municipal
27002 Lugo
Tel. 982 297 285

* Punto de atención ao cidadán na praza de Avilés

POLICÍA NACIONAL

Rúa Chantada, s/n
27004 Lugo
Tel. 091 / 982 265 118

PARQUE DE BOMBEIROS

Avda da Coruña, 240
Antigo Cuartel de Garabolos
27003 Lugo
Tel. 080 / 982 297 480

CRUZ VERMELLA

Avenida de Madrid, s/n
27002 Lugo
Tel. 982 231 613

GARDA CIVIL DE TRÁFICO: 062

URXENCIAS MÉDICAS: 061

EMERXENCIAS: 112

Recommendacións para a seguridade do público nas festas de San Froilán 2016:

- Nas atraccións mecánicas, siga as instrucións das persoas responsables e utilice correctamente os elementos de seguridade.
- Os menores deben ir da man, para evitar extravíos, e as persoas dependentes acompañadas en todo momento polos seus familiares e coidadores.
- Nos concertos hai que evitar subirse a marquesiñas, peches, andamios e mobiliario urbano co fin de evitar caídas ou lesións por cortes.
- Facer correcto uso dos servizos urinarios públicos ou privados. Teñen á súa disposición unha caseta para o cambio de cueiros dos seus bebés, na praza de Avilés.
- Nas sesións de fogos artificiais, respecte as distancias de seguridade e siga as instrucións do persoal de vixilancia (policía local, bombeiros, protección civil).



Ven;
é
Lugo



DEPUTACIÓN DE LUGO



Patrocinadores:



Estrella Galicia

